

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

1º.- Que con data 20-10-1995, os veciños da comunidade de Parada do Monte e Taboazas solicitan a transformación, da parte que lles afecta, do consorcio "Motas e Viso" OR-3128.

O acordo de solicitar dita transformación, foi tomado pola Asemblea de comuneros con data 15-4-1995.

2º.- Que o monte "Motas e Viso" OR-3128 foi consorciado có Patrimonio Forestal do Estado con data 25-10-1995, estando incluídas en dito consorcio 30 Ha. poboadas de pino pinaster pertencentes os veciños de Parada do Monte y Taboazas, no Concello de Lobeira.

O monte "Farlanza" foi clasificado como veciñal en man común a favor dos veciños de Taboazas, con data 10-11-1975. En resolución do Xurado Provincial de data 13-10-1983 se atribúe a propiedade a Parada do Monte e Taboazas.

O novo convenio que se propoñe quedará integrado por 30 Ha. procedentes do consorcio anterior poboadas de pino pinaster con edades comprendidas entre o repoboado e os 25 anos.

3º.- Que para realizar o estado de gastos e ingresos tendremos que evaluar os que afectan o consorcio OR-3128, e reparti-los logo proporcionalmente a superficie pertencente os veciños de Parada do Monte e Taboazas.

1º.- Gastos e ingresos imputables o consorcio "Motas e Viso"
OR-3128.

A) GASTOS:

Gastos por traballos realizados pola Administración forestal o ano 1975 - inclusive	2.608.996.-Pts.
Subtotal A	2.608.996.- "

Gastos por traballos realizados pola Administración forestal dende 1976 a 1995 ambos inclusive	15.103.374.-Pts
Subtotal B.....	15.103.374.- "

B) INGRESOS:

ingresos procedentes de aproveitamen- tos áta o ano 1975	0.-Pts
Subtotal A	0.- "

Ingresos procedentes de aproveitamen- tos dende 1976 a 1995 ambos inclusive	3.261.417,-Pts
Subtotal B	3.261.417.- "

2.- Gastos e ingresos imputables a comunidade de Parada do
Monte e Taboazas.

Conforme o disposto na disposición adicional segunda
de lei 13/89 do 10 de outubro da Xunta de Galicia sobre montes
veciñais en man común, non consideramos os subtotais A, para
a obtención do saldo correspondente.

Dos gastos imputables o consorcio OR-3128 habrá que
descontar os xa contabilizados nos convenios "Viso, Santos e
Ouzal" 321-5540 e "Motas e Viso", 321-5575; e igualmente
faremos cos ingresos.

Gastos imputables o consorcio OR-3128 (Subt.B) 15.103.374 Pts.
Gastos contabilizados no convenio 321-5540.... - 441.316 "
Gastos contabilizados no convenio 321-5575... - 3.734.785 "

TOTAL 10.927.273.-Pts.

Ingresos imputables o consorcio OR-3128 (Sub.B) 3.261.417.-Pts.
Ingresos descontados no convenio 321-5540..... -0.- "
Ingresos descontados no convenio 321-5575 -22.845.- "

TOTAL 3.238.572.-Pts.

Unha vez calculados os ingresos e gastos imputables o consorcio OR-3128, feitos os oportunos descontos, haberá que repartilos proporcionalmente a suerficie.

- Gastos do consorcio OR-3128 imputados a comunidade de Parada do Monte

proporcionalmente a sua
superficie 10.927.273 pts. x $\frac{30}{162,2}$ = 2.021.074.-Pts

ingresos consorcio OR-3128 imputables a Comunidade do Monte e Taboazas
proporcionalmente a sua
superficie 3.238.572 pts. x $\frac{30}{162,2}$ = 598.996.-Pts

a) Gastos imputables a comunidade de Parada do Monte e Taboazas

Gastos procedentes do consorcio OR-3128..... 2.021.074.-Pts.

Gastos de Administración 7,85%/2.021.074..... 158.654.- "

Gastos de gardería 1.275 pts./Ha.x 30 Ha. 38.250.- "

TOTAL GASTOS..... 2.217.978.-Pts.

b) Ingresos imputables a comunidade de Parade do Monte e Taboazas

TOTAL INGRESOS..... 598.996.-Pts.

c) Saldo resultante:

O saldo resulta da diferenca entre gastos e ingresos

2.217.978 - 598.996 = 1.618.982.- Ptas.

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E. que se aprobe o Convenio coas seguintes características:

Nome: Farlanza.

Nº do Elenco: 321-55101

Superficie: 30 Ha.

Pertenza: Parada do Monte e Taboazas.

Concello: Lobeira.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo: 70%.

Participación da Consellería no voo: 30%.

Saldo inicial da conta de gastos: 1.618.982.-Ptas.

Á vista de todo iso, propoñemos a V.E.:

2º.- Que no sucesivo o consorcio "Motas e Viso" OR-3128 teña as seguintes características:

Nome: Motas e Viso.

Nº do Elenco: OR-3128.

Pertenza: Varias.

Concello: Lobeira.

A restar da conta de gastos: 2.021.074.-Ptas.

A restar da conta de ingresos: 598.996.- Ptas.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Plácido Baamonde López.



VºBº
DIRECTOR XERAL,

Asdo.: Carlos del Alamo Jiménez.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de firma dun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a comunidade de veciños de Parada do Monte e Taboazas, propietarias do monte veciñal en man común "FARLANZA", constituído por 30 Has. procedentes do monte consorciado Motas e Viso, sito no Concello de Lobeira (Ourense) e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 1996.



A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'M. J. T. R.' with a stylized flourish at the end.

Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o Convenio do monte coas seguintes características:

Monte: Farlanza.

Nº de Elenco: 321-55101.

Superficie: 30 Has.

Pertenza: Parada do Monte e Taboazas.

Concello: Lobeira.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo: 70%.

Participación da Consellería no voo: 30%.

Saldo inicial da conta de gastos: 1.618.982.-Pts.

2º.- Que no sucesivo o consorcio "Motas e Viso" OR-3128 teña as seguintes características:

Nome: Motas e Viso.

Elenco: OR-3128.

Pertenza: Varios.

Concello: Lobeira.

A restar da conta de gastos: 2.021.074.-Ptas.

A restar da conta de ingresos: 598.996.- Ptas.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 1996.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	321	55101
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. ~~ANTONIO LUIS ROSON PEREZ~~, por Delegación do, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da Orde ~~13-12-1.993~~

Da outra, D. FLORENTINO ALVAREZ ALVAREZ, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común FARLANZA, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do ~~25-10-1.965~~ (MOTAS E VISO OR-3128) para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) ~~A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).~~

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade de Vecinos de Parada do Monte y Taboazas.

e son os que a continuación se describen:

Denominación: FARLANZA

Termo municipal: LOBEIRA

Provincia: ORENSE

Situación administrativa e legal: Clasificado como Monte Vecinal en Mano Común con fecha 13-10-1983

Límites:

N.: M.V.M.C. DE PARADA DO MONTE Y TABOAZAS (FARLANZA)

S.: M.V.M.C. DE PARADA DO MONTE (Velo, Corno y Bragadas)

L.: M.V.M.C. DE LOBEIRA

O.: M.V.M.C. DE PARADA DO MONTE Y TABOAZAS (FARLANZA)

Superficie: 30,0 Ha.

Estado forestal: Toda la superficie está poblada con pino pinaster de edades comprendidas entre el repoblado y los 25 años.

Con arborado perteneciente á comunidade propietaria do chan: -

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:
30,0 Ha.

Sen vexetación arbórea: -

Servidumes: LAS HABITUALES DE PASO

3ª.— O chan continuará pertencendo a LA COMUNIDAD PROPIETARIA

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise):

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o CINCUENTA por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante CINCUENTA por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do UNO por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerárase anticipo e, a partir del, aplicaráse á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 30,0 Ha. DEL CONSORCIO DENOMINADO "MONTES E VISOS" CON NUMERO OR-3128.

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o TREINTA por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o SETENTA por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o por cento, e a comunidade propietaria, o por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de TREINTA anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subistentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será Pino pinaster

..... como especie principal

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO -----, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado "FARLANZA", a favor dos veciños de Taboazas e Parada, no Concello de LOBEIRA. -----

2.— Que, así mesmo, figura Don FLORENTINO ÁLVAREZ ÁLVAREZ -----, e Don ALBINO FERNÁNDEZ LAMAS -----, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, dende o 7 novembro 1992 ata o 7 novembro 1996. -----

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense -----, a 27 de marzo de 1996.




Don ALBINO FERNÁNDEZ LAMAS -----, Secretario de COMUNIDAD DE VECINOS DE PARADA DO MONTE Y TABOAZAS


CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 15-4-1995 estando designado Don FLORENTINO ALVAREZ ALVAREZ representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en PARADA do MONTE a DIECINUEVE de MARZO de mil novecientos noventa e SEIS.

Visto e prace,


O PRESIDENTE

O SECRETARIO,



Asdo.: FLORENTINO ALVAREZ ALVAREZ

Asdo.: ALBINO FERNÁNDEZ LAMAS

D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ -----, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,



Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,

S/D

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez. (O. do 13/12/93)



A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

"Que con data 27 de maio de 1996 o Excmo. Sr. Conselleiro dictou a seguinte Resolución:

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome: "FARLANZA".
Elenco: 32155101
Superficie: 30 ha.
Pertenza: Parada do Monte e Taboazas.
Concello: Lobeira.
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da Comunidade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%
Saldo inicial da conta de gastos: 1.618.982.-ptas.

2º.- Que no sucesivo o consorcio do monte Motas e Viso OR-3128 teña as seguintes características:

Nome: Motas e Viso.
Elenco: OR-3128
Pertenza: Varios.
Termo municipal: Lobeira.
A restar da súa conta de gastos: 2.021.074.-ptas.
A restar da súa conta de ingresos: 598.996.-ptas.

Efectuada a revisión do convenio e consorcio a que afecta a devandita Resolución, detectáronse erros nas aplicacións das cantidades económicas imputables ó convenio, polo que se propón a modificación da Resolución".

En relación con iso informámo-lo seguinte:

1º.- Que con data 11-10-1996, esta Dirección Xeral devolve ó Servicio de Montes de Ourense as propostas de aprobación de tres novos convenios ("Veloso, Coroa e Bragadas" 32155100; "Montes Baixos de Lobeira" 32155102; "Cerdeiriñas e Baños" 32155110) procedentes do consorcio ó que afecta a anterior resolución, por existir discordancias coas superficies que permanecen despois das transformacións dos consorcios OR-2095 e OR-3128 en cinco convenios (3215540, 3215575, 3215598, 3215599 e 32155101).

2º.- Que, debido a isto, se procede á revisión dos tres convenios devoltos e dos cinco convenios aprobados, realizándose o recoñecemento en campo de tódalas superficies repoboadas con cargo ós consorcios, e á súa distribución por comunidades.

3º.- Que da revisión realizada se desprende que existen erros na superficie total dos consorcios, erros que afectan ás contas de gastos e ingresos dos convenios aprobados. Así mesmo, detéctanse erros na imputación de gastos ós consorcios, consecuencia de ter cargado nas contas partidas de gastos que no correspondían (pastizais, incendios, etc).

4º.- Que o consorcio "Motas e Viso" OR-3128 foi realizado directamente polo Patrimonio Forestal do Estado, con data 25-10-1965, e conta cunha superficie segundo plano de 210,47 ha.

5º.- Que os erros detectados implican a realización de novas contas de gastos e ingresos, co posterior reparto proporcional ás superficies que pertencen a cada comunidade veciñal.

6º.- Que os gastos correspondentes ó consorcio OR-3128, ata o ano anterior á aprobación do convenio 32155101, pertencente á Comunidade de Parada do Monte e Taboazas, e ata o ano da clasificación, son os seguintes (tendo en conta que, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Lei 13/89, do 10 de outubro da Xunta de Galicia sobre montes veciñais en man común, a débeda acumulada ata o ano 1975, data da clasificación, queda condonada)

GASTOS E INGRESOS DESDE O 1-1-76 ATA O 31-12-95 NO CONSORCIO OR-3128.

Gastos realizados pola Administración	7.328.718.-ptas.
Gastos descontados no convenio 3215540	-58.288.-ptas.
Gastos descontados no convenio 3215575	-1.320.218.-ptas.
Gastos descontados no convenio 3215598	-348.502.-ptas.
Gastos descontados no convenio 3215599	<u>-135.732.-ptas.</u>
Total gastos pendentes	5.465.978.-ptas.

Gastos procedentes do consorcio imputables a Parada do Monte e Taboazas

5.465.978.-ptas. x 30,00 ha./ 149,00 ha.	1.100.532.-ptas.
Gastos admón: 7,85% sobre 1.100.532.-ptas.	86.392.-ptas.
Gastos de gardería 1.300.-ptas./ ha.	<u>39.000.-ptas.</u>
Total gastos imputables a 32155101	1.225.924.-ptas.

Ingresos procedentes da participación da Admón.	4.027.522.-ptas.
Ingresos descontados no convenio 3215540	0.-ptas.
Ingresos descontados no convenio 3215575	-163.443.-ptas.
Ingresos descontados no convenio 3215598	-226.318.-ptas.
Ingresos descontados no convenio 3215599	<u>-88.145.-ptas.</u>
Total ingresos pendentes	3.549.616.-ptas.

Ingresos procedentes do consorcio imputables a Parada do Monte e Taboazas

3.549.616.-ptas. x 30,00 ha. / 149,00 ha.	<u>714.688.-ptas.</u>
Total ingresos imputables a 32155101	714.688.-ptas.

Saldo consorcio imputable a 32155101 **511.236.-ptas.**

Saldo inicial conta do novo convenio 32155101 511.236.-ptas.

Á vista de todo isto, propoñemos:

PRIMEIRO.- Que se aprobe o convenio coas seguintes características:

Nome: FARLANZA.

Nº de elenco: 32155101.

Superficie: 30,00 ha. (procedentes de OR-3128)

Pertenza: Parada do Monte e Taboazas..

Concello: Lobeira.

Provincia: Ourense.

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da comunidade propietaria no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Saldo inicial da conta de gastos: 511.236.-ptas.

SEGUNDO.- Que no sucesivo as características do consorcio do monte "Motas e Viso" OR-3128, sexan as seguintes:

Nome: Motas e Viso

Nº de elenco: OR-3128

Superficie: 119,00 ha.

Pertenza: Parada do Monte (36,0 ha.); Lobeira (37 ha.); Carreiras (5 ha.); Nogueira (6,5 ha.); Fradalvite (6ha.); Chaus (2,5 ha.); Hermille (13,5 ha.); Carreiras, Hermille, Chaus e Fradalvite (12,5 ha.)

Concello: Lobeira.

Provincia: Ourense.

A restar da conta de gastos: 1.100.532.- ptas.

A restar da conta de ingresos: 714.688.-ptas.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 1999
O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS,

Asdo.: Plácido Baamonde López.

VISTO E PRACE
O DIRECTOR XERAL

Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.

Con data 27 de maio de 1996 o Excmo. Sr. Conselleiro dictou a seguinte Resolución:

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome: "FARLANZA".
Elenco: 32155101
Superficie: 30 ha.
Pertenza: Parada do Monte e Taboazas.
Concello: Lobeira.
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da Comunidade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%
Saldo inicial da conta de gastos: 1.618.982.-ptas.

2º.- Que no sucesivo o consorcio do monte Motas e Viso OR-3128 teña as seguintes características:

Nome: Motas e Viso.
Elenco: OR-3128
Pertenza: Varios.
Termo municipal: Lobeira.
A restar da súa conta de gastos: 2.021.074.-ptas.
A restar da súa conta de ingresos: 598.996.-ptas.

Efectuada polo Servicio Provincial de Ourense unha nova planimetría coa conseguinte revisión da superficie inicial do consorcio do que deriva o presente Convenio, e como consecuencia das contas derivadas do mesmo, procede modifica-la antedita Resolución.

En consecuencia, esta Sección Xurídica considera que, de conformidade co establecido no artigo 105.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, procedería a rectificación da devandita resolución nos termos que seguidamente se sinalan.

PRIMEIRO.- Que se aprobe o convenio coas seguintes características:

Nome: FARLANZA.

Nº de elenco: 32155101.

Superficie: 30,00 ha. (procedentes de OR-3128)

Pertenza: Parada do Monte e Taboazas..

Concello: Lobeira.

Provincia: Ourense.

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da comunidade propietaria no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Saldo inicial da conta de gastos: 511.236.-ptas.

SEGUNDO.- Que no sucesivo as características do consorcio do monte "Motas e Viso" OR-3128, sexan as seguintes:

Nome: Motas e Viso

Nº de elenco: OR-3128

Superficie: 119,00 ha.

Pertenza: Parada do Monte (36,0 ha.); Lobeira (37 ha.); Carreiras (5 ha.); Nogueira (6,5 ha.); Fradalvite (6ha.); Chaus (2,5 ha.); Hermille (13,5 ha.); Carreiras, Hermille, Chaus e Fradalvite (12,5 ha.)

Concello: Lobeira.

Provincia: Ourense.

A restar da conta de gastos: 1.100.532.- ptas.

A restar da conta de ingresos: 714.688.-ptas.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 1999

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA



Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e vistos os informes formulados pola súa Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, e de conformidade co establecido no artigo 105.2 da lei 30/92 do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Pública e do Procedemento Administrativo Común,

RESOLVO:

Rectifica-la Resolución do Excmo. Sr. Conselleiro do 27 de maio de 1996 nos termos que seguidamente se especifican:

PRIMEIRO.- Aproba-lo convenio coas seguintes características:

Nome: FARLANZA.
Nº de elenco: 32155101.
Superficie: 30,00 ha. (procedentes de OR-3128)
Pertenza: Parada do Monte e Taboazas..
Concello: Lobeira.
Provincia: Ourense.
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da comunidade propietaria no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%
Saldo inicial da conta de gastos: 511.236.-ptas.

SEGUNDO.- Que no sucesivo as características do consorcio do monte "Motas e Viso" OR-3128, sexan as seguintes:

Nome: Motas e Viso
Nº de elenco: OR-3128
Superficie: 119,00 ha.
Pertenza: Parada do Monte (36,0 ha.); Lobeira (37 ha.); Carreiras (5 ha.); Nogueira (6,5 ha.); Fradalvite (6ha.); Chaus (2,5 ha.); Hermille (13,5 ha.); Carreiras, Hermille, Chaus e Fradalvite (12,5 ha.)
Concello: Lobeira.
Provincia: Ourense.
A restar da conta de gastos: 1.100.532.- ptas.
A restar da conta de ingresos: 714.688.-ptas.

Contra a presente Resolución, que agota a vía administrativa, poderase interpoñer, a elección do recurrente, recurso de reposición ante a Consellería de Medio Ambiente no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da recepción da notificación, ou directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a partir do día seguinte ó da recepción da notificación. Transcorrido o prazo de interposición do recurso sen que fose presentado, esta Resolución será firme para tódolos efectos.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 1999

O CONSELLEIRO
(POR ORDE DO 12-01-98)
O SECRETARIO XERAL

A circular official stamp of the Xunta de Galicia, with the text 'XUNTA DE GALICIA' at the top and 'CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE' at the bottom. In the center is a coat of arms. Overlaid on the stamp is a large, stylized signature in black ink. Below the signature, the name 'Asido, Jose Luis Aboal García-Tuñón.' is printed.